



INFORMACIÓN XERAL

O proxecto de voluntariado ambiental, inspirado en experiencias anteriores e en intentos de poñer en marcha proxectos concretos de voluntariado e educación ambiental, retómase co fin de desenvolver neste concello un proxecto de educación ambiental, con actividades dirixidas a toda a poboación, do que formaría parte este grupo de voluntariado ambiental como motor principal do mesmo

OBXECTIVOS


Promover e facilitar a participación dos veciños do Concello no desenvolvemento de proxectos de interese social e comunitario no Concello de Brión, en concreto en accións vinculadas á protección do medio, a través de diversas propostas de actividades relacionadas coa educación ambiental

FUNCIONAMENTO DO GRUPO

Co fin de acadar un maior grado de operatividade, tendo en conta que o grupo posiblemente varíe dun día para outro, non sendo sempre fixo, plantéxase un sistema de funcionamento coordinado e autónomo.

Nas xuntanzas de todos os voluntarios plantexaranse as actividades que nos poidan interesar, pero tan só se levarán a cabo aquelas que se acorden entre todos e para as que haxa, como mínimo, un grupo de 3-4 persoas que se encargue de coordinala e colaborar de xeito permanente. As persoas interesadas en participar nesa actividade terán que poñerse en contacto co grupo coordinador e entre todos decidirán os pasos a dar e as accións concretas a desenvolver en relación a esa actividade, así coma o calendario previsto de actuación. Informarán das accións concretas ao grupo de promoción, con tempo suficiente para que se encargue de publicitalas.

Cada actividade funcionará de xeito independente e unha vez ao mes aproximadamente, ou aproveitando que imos coincidir todos en accións concretas, convocarase unha xuntanza de todos os voluntarios co fin de informar sobre o desenvolvemento das distintas actividades, propoñer novas actividades ou cambios nas existentes, propoñer melloras no sistema de funcionamento do proxecto, etc. A estrutura sería a seguinte:



ACTIVIDADES

En principio a proposta era estruturar o proxecto en torno a 2 actividades concretas (as nosas árbores e percorrendo Brión), se ben na primeira xuntanza do grupo incorporáronse, a proposta dos propios voluntarios, dúas novas (viveiro de árbores e promoción).

PERCORRENDO BRIÓN

VIVEIRO DE ÁRBORES

AS NOSAS ÁRBORES

PROMOCIÓN

AXENDA

Abril:

Sábado 19: xuntanza do grupo completo

PRÓXIMAS CITAS:

(enviarase convocatoria ao grupo de voluntariado ambiental e persoas interesadas a través de correo electrónico)

COMO PARTICIPAR

COMO VOLUNTARIO AMBIENTAL:

Para inscribirse como voluntario tes que poñerte en contacto coa Oficina Municipal de Voluntariado:

Casa da Cultura. Carballeira de Santa Minia 5

Tlf. 981.509.908

Ou enviando os teus datos na ficha de inscrición por correo electrónico a voluntariado@briondixital.org

COMO COLABORADOR:

Se queres participar só en accións puntuais (xornadas de limpeza, saídas para a sinalización de rutas, descubertas...) podes apuntarte no servizo de avisos por SMS do concello cubrindo a ficha que se xunta ou poñerte en contacto coa Oficina Municipal de Voluntariado.

As convocatorias para os voluntarios faranse a través de correo electrónico e/ou SMS.

As convocatorias para actividades puntuais faranse a través de bandos municipais, servizo SMS e as páxinas web do concello.